

6 *Article*

# Benvida ao planeta Queipo: mobilidade, outredade e viaxe interior en *Nos dominios de Leviatán*

Martín Veiga  
University College Cork

## *Keywords*

Xavier Queipo  
Contemporary Galician poetry  
Mobility narratives  
Travel writing  
Otherness

## *Palabras clave*

Xavier Queipo  
Poesía galega contemporánea  
Narrativas de mobilidade  
Literatura de viaxes  
Outredade

## *Abstract*

This introductory article succinctly places Xavier Queipo's production within the Galician literary system through an evaluation of the critical reception of his work. It also introduces the contents of this monograph and, by focusing mostly on the first poetry collection published by Queipo, *Nos dominios de Leviatán* (In the Domains of Leviathan) (2001), it examines aspects such as travel and mobility, the experience of otherness and the prominence of nature and natural spaces. Finally, it looks at the complex genre definition of the collection, with particular reference to the features it shares with the thematic and discursive paradigms of travel writing.

## *Resumo*

Este artigo introdutorio sitúa sucintamente a produción de Xavier Queipo no seo do sistema literario galego a través dunha avaliación da recepción crítica experimentada pola súa obra. Ademais, presenta os contidos deste volume monográfico e, centrándose de maneira fundamental no primeiro libro de poemas publicado por Queipo, *Nos dominios de Leviatán* (2001), analiza aspectos como a viaxe e a mobilidade, a experiencia da outredade e o protagonismo da natureza e dos espazos naturais. Finalmente, examina a

5 — Galicia 21  
Issue E '13

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

complexa definición xenolóxica do poemario, prestando unha atención particular aos trazos que comparte cos paradigmas temáticos e discursivos da literatura de viaxes.

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

1

Como editor deste monográfico, quero facer constar aquí o meu agradecemento a varias persoas cuxo tempo e traballo resultaron imprescindibles para a súa publicación: en primeiro lugar, ao propio Xavier Queipo, que sempre se mostrou disposto a colaborar en calquera forma que fose necesaria; en segundo lugar, á autora e aos autores dos ensaios, por compartiren os froitos da súa pescuda; finalmente, a Helena Miguélez Carballeira, que me asistiu durante todo o proceso de edición e demostrou posuír altas doses de rigor, sentido práctico e paciencia. A todas e todos vós, moitas grazas.



## Introdución

A través dunha obra literaria ricaz e multifacética, Xavier Queipo confirmouse nos últimos anos como un dos escritores galegos máis orixinais e que presentan unha proposta estética máis arriscada e novidosa.<sup>1</sup> Dos primeiros relatos de *Ártico e outros mares* (1990) a *Extramunde* (2011), a súa derradeira novela ata o momento, a obra de Queipo, polo seu asumido carácter fronteirizo, ben podería esborrallar calquera teoría dos xéneros literarios. Unha ollada crítica á súa produción

revela con claridade que participa de todos eles con total liberdade creadora. Deste xeito, na súa traxectoria figuran a poesía e a prosa de ficción, tanto para adultos como para o público infantil e xuvenil, obras non ficcionais de diversos tipos (ensaio literario, compilacións de crónicas radiofónicas), así como varios volumes de microensaios, un xénero singular que procura combinar elementos da prosa científica e académica cos achados propios da ficción, polo que se trata de textos que claramente habitan nun fecundo interregno tonal e xenolóxico. A esta actividade creativa débese engadir tamén a súa dedicación, sostida ao longo de varios anos, á tradución literaria.

A pluralidade do cultivo de xéneros literarios e a vocación experimental da obra de Queipo van acompañadas pola exploración de varios motivos e liñas temáticas que tamén percorren a súa produción con teimosía desde o comezo ata hoxe. Entre eles salientan principalmente a viaxe e o tránsito, a aventura e as ambientacións exóticas en mundos distantes (desde o Ártico ata o Trópico), a representación predominante dos espazos naturais, o emprego dos discursos e dos paradigmas da ciencia, e a defensa da tolerancia e a pluralidade. Este último motivo presenta unha relevancia fulcral na totalidade da súa obra, pois se existe unha noción que a caracteriza e define é precisamente a súa vontade de encontro e de interacción coa alteridade nas súas máis profundas acepcións de recoñecemento, intercambio, comprensión e aceptación da diferenza. No seu proxecto literario, esta implicación activa coa noción de alteridade adopta múltiples formas, mais por baixo de todas elas xace un robusto sentido da ética gobernado polos principios da curiosidade intelectual e da tolerancia.

Este número monográfico de *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* propón, baixo o título de *Espazos naturais, mobilidades textuais: novas perspectivas críticas sobre a obra de Xavier Queipo*, unha serie de formulacións críticas que pescudan na complexidade discursiva da súa obra literaria desde distintos puntos de vista e tentan abrir novas vías analíticas para o seu estudo, que serán detalladas máis adiante. Polo de xa, este artigo introdutorio sitúa o autor sucintamente no seo do sistema literario galego a través dunha avaliación da recepción crítica experimentada pola súa obra, presenta os contidos do volume e, finalmente, pon en relación algunhas das perspectivas de análise empregadas nos ensaios con algúns dos trazos e motivos principais da produción do autor previamente expostos nestas liñas introdutorias. Entre os aspectos comentados neste ensaio, que se centra de maneira fundamental no primeiro libro de poemas de Queipo, *Nos dominios de Leviatán* (2001), salientan a viaxe e a mobilidade, a experiencia da outredade, o protagonismo da natureza e dos espazos naturais e a definición xenolóxica, aspectos todos eles, en todo caso, tratados con maior profundidade nos valiosos ensaios que integran o presente número da revista.

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

## Xavier Queipo e a crítica

En termos xerais, a obra literaria de Queipo obtivo unha resposta estimable por parte da crítica especializada que desenvolve o seu labor nos medios de información, sobre todo tendo en conta as escasas plataformas que, en proporción cada vez máis minguante, facilitan os medios para a discusión crítica, a promoción e, en xeral, a visibilidade da literatura galega. En concreto, a maior parte das contribucións críticas encol da súa obra consistiron en breves recensións dos seus libros en xornais e revistas, así como en entrevistas, crónicas de presentacións e notas de prensa aparecidas en soportes como blogs e outras publicacións de carácter dixital. Porén, malia a importancia capital desta actividade informativa e difusora, máis ou menos pasadía e desde logo moi espaxada, para a conformación dunha conciencia crítica e para a consecución dun colectivo máis nutrido de lectoras e lectores en lingua galega no noso sistema literario, o certo é que moitas destas contribucións veñen marcadas de berce pola súa propia transitoriedade e falta de profundidade pescudadora, determinadas quizais pola propia definición dos soportes que as acollen. Abofé que non tento acusar de superficial a crítica que se desenvolve en xornais e outras publicacións periódicas, xa que son ben consciente da suma importancia da súa función; tan só aspiro a consignar aquí a evidencia das inevitables limitacións impostas polo medio.

Por outra parte, como mostra da favorable acollida que lles foi dispensada, varias obras de Queipo foron merecedoras de premios literarios de prestixio, entre os que destacan o Premio da Crítica española por *Ártico e outros mares* en 1990, o García Barros por *O paso do Noroeste* en 1996, o Café Dublín por *O ladrón de esperma* en 1999 e o Xerais por *Extramunde* en 2011, que tamén obtivo o Arcebispo San Clemente en 2012. Ademais, algúns dos seus libros foron traducidos a linguas como o castelán, o francés, o italiano, o portugués e o inglés, nunha crecente internacionalización da súa carreira literaria e visibilización exterior da súa obra, progreso a todas luces insuficiente para o autor, que fixo referencia en varias ocasións ao seu éxito limitado, escasa proxección comercial e minguado suceso editorial (Queipo 2006c: 143).

É no ámbito académico onde cristalizaron respostas críticas máis sólidas e fundamentadas á obra de Queipo, cunha atención que foi acadando nos últimos anos un desenvolvemento sostido, o que implica un avance cualitativo notable na fortuna crítica da súa obra e a prolongación e amplificación de procesos analíticos que medios como os devanditos non permiten. Este avance localízase maiormente na confluencia dunha serie de proxectos de investigación, tanto persoais como colectivos, que comparten focos de interese arredor de distintas facianas da súa obra, resultando na xeración de redes que, principalmente nos eidos universitarios de varios países europeos, orbitan con frecuencia crecente arredor do planeta Queipo. Entre as manifestacións desta actividade inclúense eventos como o simposio titulado 'Xavier Queipo and the Poetics of Resistance', que tivo lugar na Universidade de Bangor en decembro de 2011 e que contou coa participación das investigadoras Cornelia Gräbner e Kirsty Hooper, ademais da do propio Queipo. De por parte, noutros foros académicos presentáronse relatorios nos que se analizaban distintas cuestións relativas á súa obra, actividade que comezou en 2007 cunha comunicación da miña autoría e que prosegue na actualidade. Froito do intercambio de ideas xeradas en coloquios como os mentados e da tamén citada prolongación dos procesos analíticos

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

en torno á obra de Queipo, Hooper publicou o capítulo titulado 'Towards a Poetics of Relation? Ramiro Fonte, Xavier Queipo, Erin Moure' (Hooper 2011) e eu propio publiquei o ensaio 'Nomear o mundo: os poemas-inventario de Xavier Queipo' (Veiga 2012), apenas dúas manifestacións da intensificación da atención crítica arredor da produción deste autor no terreo académico.

### **Espazos naturais, mobilidades textuais**

O presente volume monográfico dedicado á súa obra representa un chanzo máis dentro do proceso canonizador da obra de Queipo e os estudos que inclúe afondan principalmente en claves fundamentais do seu discurso literario como as aludidas no texto introdutorio. Xa que logo, *Espazos naturais, mobilidades textuais: novas perspectivas críticas sobre a obra de Xavier Queipo* reúne varias contribucións que examinan algúns aspectos como os citados, mais que tamén formulan vías de análise alternativas para abranguer o estudo da poliédrica produción do autor compostelán residente en Bruxelas. En primeiro lugar, Enrique Santos Unamuno propón, no seu artigo 'Xavier Queipo: xenealoxía dun imaxinario boreal', unha aproximación á xestación e desenvolvemento do imaxinario ártico e nórdico que caracteriza a obra de Queipo desde os seus comezos, para o cal realiza un coidadoso escrutinio das súas fontes literarias e esculca no encaixe xenolóxico dalgunhas das súas obras, de xeito que o seu traballo adquire compoñentes xeoliterarias e claramente comparatistas, abrindo suxestivas portas para estudos posteriores. A seguir, o ensaio de Margarita García Candeira, 'A natureza: refuxio e abismo. Unha aproximación á poesía de Xavier Queipo desde a ecolingüística' afonda na obra poética de Queipo desde a óptica da ecocrítica e confirma a predominancia que a natureza e os espazos naturais, con especial relevancia do mar, presentan no seu proxecto literario, vencellando a súa vontade constante de nomear o mundo natural cos postulados do activismo ecolingüístico que, como indica a autora, se ocupa da interacción que se produce entre variedade biolóxica e variedade lingüística, fenómenos de enorme rendibilidade estética na obra poética de Queipo. Pola súa parte, o artigo de David Miranda barreiro, titulado 'Extramunde: a narrativa da viaxe e o paradoxo da alteridade', achégase á novela de Queipo desde perspectivas teóricas narratolóxicas e poscoloniais tomándoa como paradigma dunha faceta da súa escrita que presenta a viaxe e a mobilidade como principais núcleos temáticos e discursivos, o que posibilita unha implicación singular deste texto cos discursos da alteridade e con outras formas literarias afíns a un xénero literario de complexa definición como é a literatura de viaxes. A miña propia achega a este volume, 'Benvida ao planeta Queipo: mobilidade, outredade e viaxe interior en *Nos dominios de Leviatán*', para alén de introducir brevemente a obra do autor e a súa fortuna crítica, reflexiona sobre algúns dos achados críticos que emanan deste monográfico e suxire a súa posible aplicación noutras latitudes da obra do autor, facendo especial fincapé nas interseccións que se producen entre a súa obra poética e outros textos relacionados temática e discursivamente, en especial *Ártico e outros mares*.

Os ensaios críticos complementáanse cunha entrevista a fondo co autor, titulada 'O universo en expansión: unha conversa con Xavier Queipo', que se aproxima ás cuestións centrais do seu proxecto literario e intelectual. Ao longo desta demorada conversa, Queipo reflexiona sobre aspectos como a súa concepción da escrita e os alicerces que a sustentan, a súa participación

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

en proxectos colectivos, a visibilidade das culturas minorizadas nas sociedades globais, así como sobre moitas outras inquiredanzas de índole cultural que reverberan na súa obra literaria e na súa obra de intervención social.

Finalmente, o volume péchase coa publicación dunha 'Mostra antolóxica de textos' que inclúe un total de catro textos literarios inéditos, tanto poéticos como narrativos, xenerosamente cedidos por Queipo en exclusiva para a súa publicación neste monográfico e precedidos dunha breve presentación do autor. A variedade dos textos escolmados pretende dar unha idea da diversidade de rexistros temáticos e de xéneros literarios que explora na súa obra. A microantoloxía inclúe os títulos seguintes: 'As leis do caos: fluxo e mutabilidade', 'As linguas do paraíso', 'Camiño de Ferrol' e 'Algoritmos'.

### De 'Ártico e outros mares' a 'Nos dominios de Leviatán': ficción e realidade

En 2001, Xavier Queipo, escritor cuxa traxectoria no seo do sistema literario galego comezara en 1990 coa celebrada aparición do libro de relatos *Ártico e outros mares*, unha obra que fundou novos paradigmas para a narrativa galega do momento –como analiza Enrique Santos Unamuno no seu artigo incluído neste volume–, publicou o seu primeiro libro de poemas. A colección leva o título de *Nos dominios de Leviatán* e acolle un total de trinta e cinco composicións de extensión e trazos de estilo variados. Esta pluralidade explícase quizais polo relativamente demorado tempo de escrita da obra, pois o libro reúne poemas escritos entre os anos 1992 e 1999, mais tamén se relaciona co hibridismo da súa poética e a vinculación xenolóxica do libro con outros textos dominados temática e discursivamente pola narración da experiencia da viaxe. Se *Ártico e outros mares* significou a carta de presentación de Queipo e polo tanto posúe o valor único de ser o libro que lle proporcionou unha identidade literaria e de sentar as bases do seu universo creativo, *Nos dominios de Leviatán* constitúe a súa primeira entrega poética, con todas as implicacións da deriva xenolóxica que se produciu por mor da súa incorporación ao ámbito poético. Ao igual que acontece noutras obras súas, como demostra en relación coa novela *Extramunde* o artigo de David Miranda-Barreiro que figura neste monográfico, no poemario a voz poética formula unha intensa interacción cun universo 'outro' de maneiras diversas e utiliza motivos como a viaxe e a alteridade para expresar o seu abraio ante a experiencia da diferenza, que se expresa tamén diversamente. Con todo, esta interacción da voz poética co mundo exterior, esta confirmación da outredade ocasionada pola exposición a un espazo natural tan alleo como son as extremas paisaxes árticas, relación que se atopa na cerna ideolóxica do poemario e que tamén se examina no ensaio de Margarita García Candeira presente nesta compilación, equilibrase inevitablemente coa necesidade do recurso á ollada interior, nun transcorrer dúplice que vai decote cara ao outro mais regresa finalmente cara aos abismos do eu. A expresión do eu máis persoal na obra presenta tamén solucións discursivas e temáticas varias, entre as que se atopan as flutuacións emocionais do amor perdido ou evocado na ausencia e a resposta crítica da voz poética ante a constatación doutros acontecementos de carácter xeopolítico que lle afectan profundamente en tanto individuo, malia que estea inmerso na soidade radical do universo ártico, como son o desenvolvemento de conflitos bélicos e outros cataclismos de índole humana e social. Nas páxinas que seguen discútense algunhas mostras das devanditas prácticas e as súas derivacións poéticas.



*Benvinda ao planeta Queipo: mobilidade, outredade e viaxe interior en 'Nos dominios de Leviatán'*  
Martín Veiga

<sup>2</sup>

Aínda que este ensaio se centra unicamente na primeira edición de 1990, nótese que en 2011 Queipo publicou unha reedición de *Ártico* e outros mares titulada *Ártico 2.0*, na que incorpora moitas mudanzas textuais que lle afectan, entre outros contidos narrativos, ás fotografías. Santos Unamuno, no traballo publicado neste mesmo monográfico, leva a cabo unha detallada análise dos cambios que se produciron entre ambas as dúas edicións.

<sup>3</sup>

O mesmo recurso emprégao na novela *O paso do Noroeste* (1996), na que o propio Xavier Queipo figura como compilador e adaptador dunha serie fragmentaria de notas atopadas que compoñen o libro.

A polaridade entre a experiencia da alteridade e a necesidade da exploración dunha dimensión interior constitúe unha marca xenérica inequívoca da literatura de viaxes e doutros tipos de literatura marcados pola presenza significativa da mobilidade, xéneros cos que a obra literaria de Queipo establece fecundos vínculos. Xa se apuntou que a heteroxeneidade temática e estilística do poemario vén dada por unha singular afinidade de xénero coa literatura de viaxes, que se caracteriza en si mesma polo seu carácter híbrido e complexo, como salientaron voces críticas como Carl Thompson, que definiu o xénero como 'protean and heterogeneous' (2011: 125), ou Casey Blanton, quen falou da súa complexidade e impureza: 'Travel writing as a genre has [...] a complex, impure heritage' (2002: 5). Pola súa banda, na introdución ao volume *Perspectives on Travel Writing*, Glenn Hooper e Tim Youngs fan referencia á fluidez e versatilidade do xénero, que eles asocian a trazos que posúe tamén a experiencia da viaxe en si mesma: 'In much the same way that travel itself can be seen as a somewhat fluid experience, so too can travel writing be regarded as a relatively open-ended and versatile form' (2004: 3).

Moitos dos trazos definatorios da obra de Xavier Queipo están presentes na súa produción xa desde *Ártico e outros mares*, obra fundacional que encapsula moitos dos que se converterán en motivos recorrentes en posteriores entregas, case como se este libro actuase como unha declaración de futuras intencións literarias. O propio Queipo aclarou nunha entrevista a importancia da súa publicación e o seu estreito vencello con outras obras publicadas con posterioridade: '*Ártico* foi o inicio do abraio, cando comecei a andar polos mares e polo mundo, logo virían outras manifestacións do mesmo abraio da descuberta' (Queipo 2012). *Ártico* integra na súa heteroxeneidade contidos ben diversos, que van desde unha alucinación visionaria de índole borxiana ('Labirintos') ata fragmentos do diario do autor ('Anacos do diario Ártico') e outras ficcións. Ademais, a primeira edición da obra inclúe reproducións de sete fotografías de mariñeiros tomadas da revista de etnografía *Ottar*, publicada polo museo da cidade norueguesa de Trømso, o que de vez confirma a variedade dos materiais narrativos utilizados.<sup>2</sup> Esta interacción de elementos tirados da realidade persoal do autor coa ficción exemplifícase a través da utilización do motivo do manuscrito atopado, de tanta tradición na literatura occidental. En efecto, malia que Queipo experimentou en primeira persoa a navegación polas augas do Ártico como biólogo en barcos dedicados á pesca do bacallau, nalgúns dos relatos do libro emprega o recurso clásico dos manuscritos encontrados, ou sexa, suxire como punto de partida da obra fictiva unha ilusión de realidade que debe ser asumida, para finalmente internarse no mundo da ficción.<sup>3</sup> Sobre os conceptos de realidade e ficción reflexionou Queipo en distintas ocasións, o que demostra a súa preocupación estética pola confluencia literaria destas dúas entidades. Un exemplo atópase no artigo 'A ficción, fábrica de realidades', publicado en *Cartas marcadas* (2010). Neste texto, o autor afirma que 'usa da realidade para construír ficción' e que 'se move en permanente esquizofrenia dunha categoría á outra', para concluír apelando aos lectores:

Disimulen pois ás veces un baixa a garda e fabula, ou retoma das gabetas da memoria historias no límite entre a realidade e o soño, trolas que non o son porque se cren con fervor relixioso, omisións que existen mais das que non son consciente e así toda unha variedade de imprecisións voluntarias ou non. (Queipo 2010: 82–83)

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

4

Outra mostra dos xogos de alternancia entre realidade e ficción, tan queridos polo autor, áchase en *Papaventos* (2001), novela cuxa acción ficticia se desenvolve a partir do caso real do tradutor ao inglés de José Saramago, que comezou a experimentar síntomas de cegueira progresiva durante o proceso de tradución de *Ensaio sobre a cegueira*.

Noutro texto de carácter autopoético, titulado 'Autopoética do neno que escribía nos vidros embazados', o autor puxo en contacto a realidade e a ficción empregando unha metáfora da ciencia, práctica recorrente na súa obra que sería interesante explorar con máis detalle: 'Hai unha liña sutil e esvaecente que separa a realidade da ficción do mesmo xeito ca se fosen dous gases, os dous expandéndose nun volume pechado, mesturándose ata que é imposible saber onde está un e onde está o outro' (Queipo 2006b: 141).<sup>4</sup>

### Os espazos árticos

*Ártico e outros mares* comparte moitos elementos con *Nos dominios de Leviatán*, semellanzas que comezan xa polas referencias a xeografía mariñas presentes nos títulos de ambas as dúas obras. Se no título do primeiro dos libros a localización espacial onde transcorre gran parte dos relatos é claramente explicitada mediante a mención toponímica, *Nos dominios de Leviatán* remite a un universo máis vago, definido con menor precisión. Trátase, en calquera caso, dos dominios do cachalote e da balea, espazos desolados onde a ollada da voz poética só pode seguir dous rumbos: cara á inmensidade do mar puntuada polos icebergs ou cara ás profundidades abisais da vida interior. É precisamente por iso polo que o libro de poemas conxuga, en difícil equilibrio, a observación detallada do xélido contorno coa fuxida do eu cara ao pasado, ben en forma de recordos da nenez, ben a través da evocación de amores xa perdidos ou doutras viaxes que deixaron pegadas na memoria.

Considerando a información paratextual que proporcionan os libros, verifícase que outro factor que relaciona estas dúas obras son as súas dedicatorias, xa que ambos os dous epígrafes aluden ás duras paisaxes xeadas. Non obstante, *Ártico* vai dirixido á fauna que as poboada, mostra da soidade extrema experimentada polo narrador: 'Ás baleas, ás focas, ós paíños; ás pardelas e ós fulmares... por tantas horas de compañía' (Queipo 1990: 6). Pola súa banda, a dedicatoria do poemario incorpora matices novos como a presenza humana, a orixe da experiencia que deu lugar á creación e o seu escenario xeográfico concreto: 'Ós mariñeiros galegos que me ensinaron os secretos da pesca no mar de Barents e nas augas de Terranova' (Queipo 2001a: 7). Seguindo con esta comparanza entre algúns elementos paratextuais das dúas obras, resulta tamén interesante o contraste entre as fotografías do autor que inclúen: a foto de *Ártico* non está asinada, áchase na lapela, é de tamaño pequeno e mostra un busto de perfil e totalmente irrecoñecible a causa da súa vestimenta. Quizais fose tomada no transcurso dunha das viaxes árticas, xa que a figura leva o rostro cuberto ata os ollos, anorak con carapucha e unha man enlucada que apoia na barbela, como se estivese a matinar ollando o horizonte. Pola contra, a foto de *Nos dominios de Leviatán*, da autoría de Cé Tomé, ocupa por completo a cuarta páxina do libro, seguramente por razóns derivadas do deseño editorial da colección na que se integra. Presenta o autor relaxado, con barba longa, mans nos petos e ollando frontalmente a cámara coas costas apoiadas nun cruceiro de enormes dimensións. A diferenza na maneira de se amosar ante as lectoras e os lectores nas dúas fotografías pode suxerir o proceso de maduración de Queipo como escritor e a consolidación da súa presenza no sistema literario galego, ocorridos entre a publicación da súa primeira obra e a aparición da undécima.

Como se indicou con anterioridade, *Nos dominios de Leviatán* supuxo o debut poético de Queipo e ábrese cun breve poema titulado 'Abraio', que



*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

epitomiza, na súa sinxeleza, a fascinación que xera na voz lírica a visión dun iceberg por vez primeira. O texto incide de maneira rechamante nun aspecto fundamental na obra: a importancia da ollada, semanticamente presente nos tres primeiros versos a través de palabras como 'ollada, 'ollos' e 'visión', que crean unha atmosfera de anticipación para a sorprendente aparición, xa na última liña, do iceberg:

A ollada cravada no horizonte  
Os ollos enchéndose de azul  
Mergullada a visión na distancia  
Por primeira vez: ¡un iceberg!  
(Queipo 2001a: 9)

Este poema inicial atopa correspondencia e reflexo no texto que pecha a colección, o que revela a estrutura circular da obra. O derradeiro poema do libro leva o título de 'Epifanías' e alude tamén á relevancia única dunha experiencia iniciática, á descuberta dun universo singular. O carácter fundacional da experiencia vivida remárcase mediante a reiteración anafórica, no *incipit* das tres primeiras estrofas, do sintagma 'Por primeira vez'. Deste modo, o texto é representación do privilexio, que a realidade circundante lle outorga ao eu, de asistir por vez primeira a un mundo distante e maxestoso: as vastas superficies de xeo que arrodean os costados do barco pesqueiro, a maxia que estende a luz boreal sobre as cousas e os sentidos, a sombra dunha bandada de alcas sucando a noite. Como conclusión, 'Epifanías' propón unha viaxe do exterior cara ao interior, do físico cara ao metafísico, da vivencia concreta cara á súa abstracción. Así, a abraiante visión das paisaxes polares exerce unha influencia que propicia na voz poética o recoñecemento do misterio do ser e a consciencia da propia mortalidade. Ademais, posibilita unha interrogación que se converte en afirmación decidida a favor da continuidade da vida e dos ciclos naturais despois da desaparición física do ser humano:

Por primeira vez o muro branco,  
estendido sobre o mar como unha codia,  
facendo renxer as cadernas dun barco,  
que do fondo extrae os prezados tesouros.

Por primeira vez a visión mirífica  
da infinita luz boreal que nega a noite,  
que funde a dualidade de luces e de sombras,  
que expande a percepción dos sentidos.

Por primeira vez unha bandada de alcas trazando  
un regueiro de sombras na media noite polar,  
construíndo unha fronteira lábil  
entre vagas ensoñacións e lembranzas non vividas.

Se unha vez houbo un tempo  
no que o único vivo eran as pedras.  
Por que temos a ousadía de crer  
que cando xa non sexamos  
todo será morte, e desolación, e nada.  
(Queipo 2001a: 50)

*Benvida ao planeta Queipo: mobilidade, outredade e viaxe interior en 'Nos dominios de Leviatán'*  
Martín Veiga

Lémbrese tamén que, ao longo de toda a súa obra, a poeta norteamericana desenvolveu unha constante implicación cos motivos da viaxe e a mobilidade, como amosan os títulos de libros de poemas como *North & South* (1946), *Questions of Travel* (1965) e *Geography III* (1976).

Un proceso semellante do tránsito do discurso desde a observación de fenómenos concretos do mundo natural ata unha conclusión de carácter abstracto e existencial prodúcese de maneira exemplar no poema 'At the Fishhouses', de Elizabeth Bishop, que tan certamente analiza Seamus Heaney no seu ensaio 'Counting to a Hundred: Elizabeth Bishop' (Heaney 2002: 332–346). Mentres que o poema de Bishop equipara a súa experiencia das augas escuras, salgadas e límpidas da costa oeste de Nova Escocia co coñecemento, o texto de Queipo semella suxerir a continuidade da vida baseándose na observación minuciosa do medio.<sup>5</sup>

### Outredade e diferenza

Xa que logo, entre 'Abraio' e 'Epifanías' discorre *Nos dominios de Leviatán*, obra que comunica a paixón do descubrimento dun mundo marcado pola outredade e que converte a asunción desa outredade no seu xerme e no seu motor, como acontece en tanta literatura de viaxes. Neste sentido, Debbie Lisle vinculou a alteridade na literatura de viaxes coa produción da diferenza, un aspecto que inevitablemente se reviste dunha evidente carga política:

Travel writers still need other places and people to visit and write about – which means that travel writers must always engage in the production of difference. The political issue at stake here is how travel writers produce, project and pass judgement on this difference. (Lisle 2006: 24)

En resposta á cuestión que formula Lisle de como se produce, proxecta e xulga a diferenza na escrita de viaxes, na obra de Queipo, a consciencia da alteridade comeza con curiosidade e abraio, como se aprecia no poema que abre a colección, mais remata na asimilación sensible da diferenza, que conduce, en definitiva, á tolerancia. Así o sinalan os versos finais dun poema de *Glosarios* (2004), o segundo libro de poemas do autor:

Big-bang dun mesmo. Curiosidade endóxena. Asimilar o diferente.  
Procurar a contradicción, o motor das nosas vidas. (...) Tolerancia.  
Big-bang dun mesmo. Tolerancia.  
(Queipo 2004: 10)

Así o explicou tamén o autor no artigo 'Literatura en viaxe', ao incidir en que as viaxes serven 'para relativizar o propio, para entrar en contacto con outras formas de ser e de entender o mundo' (Queipo 2010: 72). Na súa experiencia, a vivencia da viaxe vai máis alá da viaxe en si e debe converterse nun verdadeiro coñecemento do outro. Porén, este recoñecemento da alteridade que propicia a viaxe posibilita tamén o coñecemento propio, como argumentou o autor na entrevista anteriormente citada:

Interésame pescudar no coñecemento propio, iso é certo. Certo tamén que se pode facer de moitas maneiras, entre elas investigando a relación con outras culturas e outros mundos, vivindo no abraio permanente da descuberta, tanto da outredade como das reaccións que 'o externo' produce en min. A viaxe, o contacto co externo

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

6

Nótese que *What Am I Doing  
Here?* (1989) é o título dunha das  
obras do emblemático escritor bri-  
tánico de literatura de viaxes Bruce  
Chatwin.

cumpre un obxectivo, que é o de analizar as propias reaccións, mais tamén as de coñecer os límites do propio e o que é máis importante reducir os límites da ignorancia e acadar unha visión holística do mundo. (Queipo 2012)

En consecuencia, a relación da voz poética cos novos espazos oscila entre o asombro inicial ante a visión da súa magnificencia e a interiorización da outredade que simbolizan. Para conseguir o estadio de identificación con este universo 'outro', é preciso primeiramente identificalo, definilo, nomealo, o que xera na obra de Queipo a 'densidade substantiva' á que se refiriu Dolores Vilavedra (2005) en relación con *Glosarios* e que resulta aplicable tamén a moitos textos de *Nos dominios de Leviatán*.

Son os poemas de ambientación ártica aqueles que mellor definen o coñecemento progresivo do contorno que, a partir do seu abraio inicial, desenvolve a voz poética. En ocasións, as paisaxes mariñas e a inmensidade das chairas xeadas actúan como reflexo do seu estado de ánimo, que asume a súa insignificancia fronte á dureza inclemente do medio e, entre a friaxe dos icebergs que cercan a proa do barco, entre os narvais e os xeos do inverno, unicamente anhela os consolos do amor que agarda lonxe. Ocorre no poema 'Distancia' (Queipo 2001a: 28), que acaba formulando a pregunta que tantos viaxeiros se fixeron con anterioridade: 'Que estou a facer aquí?'<sup>6</sup> A única resposta posible nace da fascinación exercida polo lugar e da consolidación dos feitos vitais en experiencia memorable.

Nos poemas 'Afogados no Ártico' e 'O glaciar' ponse de manifesto o poder da natureza sobre o ser humano, mais tamén a capacidade humana para, dalgún xeito, resistir na loita imposible contra o paso do tempo. O primeiro poema opón a vitalidade dos cachalotes que nadan libres polo Ártico coa total inmovilidade dos homes que afogaron pero permanecen eternamente conservados entre os xeos:

Leviatáns como mundos  
erguendo as caudas poderosas,  
enchendo o azul dun ronsel de escumas,  
de burbullas de vida e soidade inmensa.

Homes mortos dunha morte doce,  
de frío, de quietude, de non-ser,  
como insectos conservados en ámbar,  
cadáveres verticais no xeo ártico.  
(Queipo 2001a: 11)

Pola súa banda, 'O glaciar' refire o achado dos restos momificados dun cazador no corazón do glaciar, simbólico regreso que novamente constata o triunfo da natureza sobre o ser humano. Pero esa vitoria amosa tamén a resistencia humana ante a desaparición, encarnada na figura preservada do cazador que xorde de entre as entrañas do xeo cuberto de peles e portando unha alxaba con frechas. O glaciar convértese así en depositario dos vestixios do pasado, segredos que en calquera intre poden retornar á superficie: 'Segredos, segredos que nos devolve / o rexistro impasible dos xeos milenarios' (Queipo 2001a: 49). Outro poema que mostra a dureza do medio é 'A caza da balea', onde se relata, cunha precisión de detalles técnicos que denota coñecemento documental do proceso, o episodio da caza dun cetáceo nas augas polares. Pese a ser o home quen finalmente triunfa no

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

combate, a voz poética expresa a imposibilidade do animal, ao que denomina 'o coloso do imperio do frío', para gozar dun recanto de liberdade no océano: 'Triste océano que non es quen de lles dar / un acougo inviolable' (Queipo 2001a: 48). A importancia simbólica das baleas no poemario, no que figuran suxeridas xa desde o propio título, complétase na obra de Queipo con outras aparicións, como no relato 'Baleeiros do Pico' (Queipo 1990) de *Ártico e outros mares*, na novela *O paso do Noroeste* (Queipo 1996) ou no texto titulado 'Carta de Angra do Heroísmo' (Queipo 2006), unha das súas varias colaboracións para a revista *Grial*. De por parte, unha idea que se podería relacionar co espírito que preside *Nos dominios de Leviatán* atópase no limiar de Antonio Tabucchi a *Donna di Porto Pim*, un libro xenoloxicamente tamén heteroxéneo que presenta como pano de fondo o mundo das baleas e os baleeiros nas illas Azores. No seu texto introdutorio, Tabucchi reafirma o carácter máxico deste animal ao manifestar que o argumento fundamental da súa obra son as baleas, que máis que animais semellan metáforas: 'Suoi argomenti sono fundamentalmente le balene, che più che animali sembrerebbero metafore' (Tabucchi 1983: 10).

### A viaxe cara ao interior

Se a exposición ao mundo exterior posibilita o encontro coa alteridade e a produción da diferenza, a ollada interior preséntase como o contrapunto necesario para que a voz poética poida 'coñecer os límites do propio' (Queipo 2012). A confluencia de ambos os dous universos é motivo frecuente no xénero, como salientou Thompson: 'more usual are narratives that seek to interweave the inner and outer worlds, mixing ostensibly factual, objective description of the people and places through which the traveller passes with a more openly subjective account of the traveller's own thoughts and feelings over the course of the journey' (2011: 98). No seu ensaio 'Travelling to Write (1940–2000)', tamén Peter Hulme fixo referencia á énfase crecente que a literatura de viaxes pon no tránsito interior como un motivo susceptible, ademais, de asumir formas diferentes: 'the inner journey can take different forms' (Hulme 2002: 94). Desde este punto de vista, entre os poemas de Queipo que propoñen unha viaxe cara aos abismos da vida interior destacan aqueles que aluden ás intermitencias do amor desde a distancia, como '¿Que tal se o deixamos, amor?' (Queipo 2001a: 13), e os que lembran a experiencia amorosa desde a perda e a soidade, como ocorre en 'Certeza' (Queipo 2001a: 14). Mais tamén teñen cabida os recordos do amor vivido en plenitude, da que non se exclúe a súa vertente máis física e sensual, presente nos poemas titulados 'Random play' (Queipo 2001a: 22) e 'Skin (Pel)' (Queipo 2001a: 34). Nalgún caso, por exemplo no poema 'Soño Caribe', a voz poética diríxese ao trópico con 'nostalxia (...) doutros modos e outras xeografías' (Queipo 2001a: 27) ou viaxa cara ao pasado coa intención de eludir a monotonía da vida a bordo do barco pesqueiro nas longas tardes de temporal, como en 'Fideos con tuco', que propón unha travesía pola memoria rumbo aos días distantes da infancia:

Nas tardes de sesta e temporal pechado,  
mexido polo mar e os ventos bravos,  
sabor salgado nos beizos e na lingua,  
o ácido profundo nas portas do estómago,  
retorno en soños ós tempos da nenez.  
(Queipo 2001a: 36)

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

Como se apuntou, todos estes poemas constitúen o contrapunto interior, sentimental moitas veces, ao relato da viaxe da voz lírica polas augas árticas e obteñen pleno sentido se se consideran como os froitos da súa necesaria viaxe cara ao interior do eu. Outros textos, menos numerosos na obra, serven como mostras da preocupación social da voz poética e tratan temas como as multitudes de persoas desprazadas polos conflitos en África, como 'Éxodo' (Queipo 2001a: 32), e as trágicas consecuencias da guerra do Golfo, como 'Tormenta no deserto' (Queipo 2001a: 35), o que de vez confirma a heteroxeneidade de contidos do poemario.

## Conclusiones

O labor poético de Queipo recibiu tamén unha acollida favorable por parte da crítica literaria galega, ao igual que se comentou ao comezo deste estudo en relación coa súa obra literaria en termos xerais. Nunha recensión apropiadamente titulada 'Orixinalidade e risco', María Xesús Nogueira definiu *Glosarios* como 'un libro heteroxéneo e claramente experimentador, un poemario cosmopolita e complexo' que 'vén renovar os códigos do discurso poético' (Nogueira 2005), comentario que destaca aspectos que xa se atopaban de maneira embrionaria no seu primeiro libro de poemas. A propia Nogueira aludiu á non doada clasificación da súa proposta poética debido, sobre todo, á vontade de experimentación e á disolución das fronteiras xenéricas que caracteriza a súa produción. Vilavedra foi máis alá e afirmou que o autor pretende 'suxerirnos novos paradigmas de lectura' (2005).

Velaquí xace precisamente a principal contribución á literatura galega da obra de Queipo: na súa ansia de renovación, a súa ruptura co establecido e a súa aposta por modelos literarios alternativos, pulsión renovadora que Fran Pérez Lorenzo, no limiar a *Pegadas* (2006), a súa terceira entrega poética, definiu nos seguintes termos: 'Xavier Queipo logrou ademais inserir no mapamundi monocolor deste país o sotaque, o recendo, o gosto e a sonoridade doutras linguas e latitudes. Novelas, versos ou diarios que foron coma ese carimbo que mancha, con tinta de choco da ría, un selo exótico e vexetal' (Queipo 2006a: 7–8). Amais, gran parte da súa obra, tanto poética como narrativa, utiliza paradigmas formais como a fragmentación e a hibridación, así como motivos recorrentes tales como a mobilidade, o tránsito e a viaxe, o que a relaciona estreitamente cun tipo de escrita de complexa definición xenolóxica como é a literatura de viaxes. Malia non constituír relatos de viaxes no sentido convencional do termo, varios libros de Queipo, entre os que se poderían incluír poemarios como *Nos dominios de Leviatán*, si ofrecen elementos que favorecen a súa interpretación desde esa perspectiva crítica. Nesta obra concreta, as coordenadas da viaxe da voz poética radican na tensión entre, por unha parte, o abraio inicial ante un universo 'outro', a descuberta progresiva do contorno, a súa observación minuciosa e a relación coa alteridade que implica o contacto; e por outra parte, os froitos necesarios da indagación e da viaxe interior cara ao pasado que emprende o eu durante o transcurso das súas navegacións árticas. O propio autor manifestou a necesidade desta vertente dobre. Queipo, que concibe a escrita como unha viaxe permanente, estableceu un paralelismo entre a esencia da viaxe e a tarefa do escritor, cifrando así as claves do traballo literario:

*Benvida ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

Nada máis certo que calquera escritor procura sempre algo, que se sitúa en continua peregrinación e para esa busca de terreos ignotos é necesario, como premisa inescusábel, internarse na cerna dun mesmo, ollar desde dentro e desde fóra, explorar puntos de vista diversos, escaravellar, rañar, moverse dun lado a outro do propio ser, do cuarto íntimo, da casa propia, mais saír tamén logo a percorrer mundos e distancias. (Queipo 2010: 73)

Nesta dicotomía entre vida exterior e interior xacen as raiceiras móbiles do discurso literario de Xavier Queipo. En *Nos dominios de Leviatán*, a viaxe da voz poética polas inhóspitas augas do Ártico e a travesía que emprende polas profundidades da memoria representan as múltiples faces desta dualidade.





*Benvida ao planeta Queipo: mobilidade, outredade e viaxe interior en 'Nos dominios de Leviatán'*  
Martín Veiga

## Obras citadas

- BALTRUSCH, Burghard & Isaac LOURIDO, eds., 2012. *Non-Lyric Discourses in Contemporary Poetry* (München: Peter Lang).
- BISHOP, Elizabeth, 2004. *Complete Poems* (London: Chatto & Windus).
- BLANTON, Casey, 2002. *Travel Writing: The Self and the World* (New York: Routledge).
- CHATWIN, Bruce, 1989. *What Am I Doing Here?* (London: Jonathan Cape).
- HEANEY, Seamus, 2002. *Finders Keepers: Selected Prose 1971–2001* (London: Faber & Faber).
- HOOPER, Glenn & Tim YOUNGS, eds., 2004. *Perspectives on Travel Writing* (Aldershot: Ashgate).
- HOOPER, Kirsty, 2011. 'Towards a Poetics of Relation? Ramiro Fonte, Xavier Queipo, Erin Moure', en *Writing Galicia into the World. New Cartographies, New Poetics* (Liverpool: Liverpool University Press), 139–170.
- HULME, Peter, 2002. 'Travelling to Write (1940–2000)', en HULME & YOUNGS 2002: 87–101.
- HULME, Peter & Tim YOUNGS, eds., 2002. *The Cambridge Companion to Travel Writing* (Cambridge: Cambridge University Press).
- LISLE, Debbie, 2006. *The Global Politics of Contemporary Travel Writing* (Cambridge: Cambridge University Press).
- NOGUEIRA, María Xesús. "Orixinalidade e risco". <http://www.culturagalega.org>
- QUEIPO, Xavier, 1990. *Ártico e outros mares* (Santiago de Compostela: Positivas).
- \_\_\_\_\_, 1996. *O paso do Noroeste* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- \_\_\_\_\_, 2001a. *Nos dominios de Leviatán* (Pontevedra: Deputación Provincial).
- \_\_\_\_\_, 2001b. *Papaventos* (Vigo: Xerais).
- \_\_\_\_\_, 2004. *Glosarios* (A Coruña: Espiral Maior).
- \_\_\_\_\_, 2006a. *Pegadas* (Santiago de Compostela: Editorial Compostela).
- \_\_\_\_\_, 2006b. 'Autopoética do neno que escribía nos vidros embazados', *Madrigal. Revista de Estudos Gallegos* 9, 141–143.
- \_\_\_\_\_, 2006c. 'Carta de Angra do Heroísmo: a primeira cidade do novo mundo', *Grial* 172, 118–121.

*Benvinda ao planeta Queipo:  
mobilidade, outredade e viaxe  
interior en 'Nos dominios de  
Leviatán'*  
Martín Veiga

\_\_\_\_\_, 2010. *Cartas marcadas* (Vigo: Galaxia).

\_\_\_\_\_, 2011. *Extramunde* (Vigo: Xerais).

\_\_\_\_\_, 2012. 'Temos un goberno de "liquidadores" disfrazados de xestores da débeda pública', entrevista con Montse Dopico, *Praza Pública*, 8 abril 2012 ([www.praza.com](http://www.praza.com)).

TABUCCHI, Antonio, 1983. *Donna di Porto Pim* (Palermo: Sellerio).

THOMPSON, Carl, 2011. *Travel Writing* (New York: Routledge).

VEIGA, Martín, 2012. 'Nomear o mundo: os poemas-inventario de Xavier Queipo', en BALTRUSCH & LOURIDO 2012: 179–190.

VILAVEDRA, Dolores. 'A paisaxe das letras'. Publicado no Canal Tempos Novos, 24 agosto 2005 ([www.vieiros.com](http://www.vieiros.com)). Dispoñible na actualidade no Centro de Documentación da AELG ([www.aelg.org](http://www.aelg.org)).